

PLENO DO PARLAMENTO

27 de decembro de 2016
10.00 horas



ÍNDICE

Ράχ.

Convocatoria do Pleno	1
Relación de membros da Cámara	7
Listado para votación.....	9
Punto 1. Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.	12
Punto 2. Mocións.....	15
2.1 2338 (10/MOC-000005) Grupo Parlamentario de En Marea Vázquez Verao, Paula Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 791, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)	16
2.2 2351 (10/MOC-000006) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Torrado Quintela, Julio Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 995, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016).....	19
2.3 2352 (10/MOC-000007) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Losada Álvarez, Abel Fermín Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 1314, publicada no BOPG nº. 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)	22
Punto 3. Proposicións non de lei ante o Pleno	25
3.1 788 (10/PNP-000064) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Fernández Prado, Martín e 12 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta. Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016.....	26

- 3.2 1345 (10/PNP-000122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016 [31](#)
- 3.3 1595 (10/PNP-000147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016 [35](#)
- 3.4 1638 (10/PNP-000152)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016 [42](#)
- 3.5 1671 (10/PNP-000153)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016 [46](#)
- 3.6 1688 (10/PNP-000157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016 [51](#)
- 3.7 1873 (10/PNP-000180)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH, ou sida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016 [56](#)
- 3.8 2126 (10/PNP-000193)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia integral para os galegos retornados, para o período 2017-2020, coa participación das súas asociacións representativas e das comunidades galegas no exterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016 [60](#)

Punto 4. Interpelacións..... [64](#)

4.1 1044 (10/INT-000031)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016 [65](#)

4.2 1876 (10/INT-000076)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016 [68](#)

4.3 2077 (10/INT-000082)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e 2 máis
Sobre a situación asistencial da sanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016 [73](#)

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta..... [77](#)

5.1 2371 (10/POPX-000007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a previsión de novas medidas para combater a regresión demográfica de Galicia..... [78](#)

5.2 2372 (10/POPX-000008)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a súa posición respecto da defensa dun concerto económico para Galicia..... [80](#)

5.3 2380 (10/POPX-000009)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as medidas que pensa implementar o Goberno galego ante o drama social da violencia e os asasinatos machistas [82](#)

Punto 6. Preguntas ao Goberno..... [84](#)

6.1 1209 (10/POP-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis Sobre as razóns do Goberno galego para non elixir o réxime de concorrencia competitiva para a convocatoria, a través da Orde do 14 de xuño de 2016 e dentro do Plan específico extraordinario de investimentos, de subvencións destinadas á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016	85
6.2 1735 (10/POP-000182) Grupo Parlamentario de En Marea Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis Sobre o índice de denuncias e de casos de violencia de xénero rexistrados na Administración pública galega no ano 2016 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016	88
6.3 2384 (10/PUP-000041) Grupo Parlamentario de En Marea Villares Naveira, Luis e 2 máis Sobre o tratamento da información nos medios de comunicación no referido aos casos de violencia machista	91
6.4 1298 (10/POP-000143) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis Sobre a valoración do Goberno galego en relación co nivel de execución que presentan no primeiro semestre de 2016 os investimentos previstos para Galicia nos orzamentos do Estado Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016	94
6.5 2373 (10/PUP-000040) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Rivas Cruz, José Luis Sobre a actuación do Goberno galego diante das ameazas dos acuíferos e da destrución da singular paraxe que conforma o entorno do nacemento do río Miño, no chamado Pedregal de Irimia	98
6.6 1017 (10/POP-000090) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Fernández Fernández, Raúl e 5 máis Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio das obras nos tramos da liña de alta velocidade na provincia de Lugo paralizadas polo Ministerio de Fomento Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016	102
6.7 1851 (10/POP-000197) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis Sobre o contido que vai ter o Programa Acude e Axuda do Sergas Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016	105

6.8	2334 (10/PUP-000037)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis	
	Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do "Brexit" no sector pesqueiro galego.....	108
6.9	2356 (10/PUP-000038)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores	
	Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa regulación da actividade de extracción do percebe	111

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 27 de decembro de 2016, ás 10:00 horas, no Pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 20 de decembro de 2016, a orde do día da sesión é a seguinte

Punto 1. Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.

Punto 2. Mocións

- 2.1 2338 (10/MOC-000005)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 791, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)
- 2.2 2351 (10/MOC-000006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 995, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)
- 2.3 2352 (10/MOC-000007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 1314, publicada no BOPG nº. 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)

Punto 3. Propositions non de lei ante o Pleno

- 3.1 788 (10/PNP-000064)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 12 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

3.2 1345 (10/PNP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016

3.3 1595 (10/PNP-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

3.4 1638 (10/PNP-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

3.5 1671 (10/PNP-000153)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

3.6 1688 (10/PNP-000157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

3.7 1873 (10/PNP-000180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH, ou sida

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016

3.8 2126 (10/PNP-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia integral para os galegos retornados, para o período 2017-2020, coa participación das súas asociacións representativas e das comunidades galegas no exterior

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016

Punto 4. Interpelacións

4.1 1044 (10/INT-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016

4.2 1876 (10/INT-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016

4.3 2077 (10/INT-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a situación asistencial da sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 5.1 2371 (10/POPX-000007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a previsión de novas medidas para combater a regresión demográfica de Galicia
- 5.2 2372 (10/POPX-000008)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a súa posición respecto da defensa dun concerto económico para Galicia
- 5.3 2380 (10/POPX-000009)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as medidas que pensa implementar o Goberno galego ante o drama social da violencia e os asasinatos machistas

Punto 6. Preguntas ao Goberno

- 6.1 1209 (10/POP-000110)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non elixir o réxime de concorrencia competitiva para a convocatoria, a través da Orde do 14 de xuño de 2016 e dentro do Plan específico extraordinario de investimentos, de subvencións destinadas á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 6.2 1735 (10/POP-000182)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre o índice de denuncias e de casos de violencia de xénero rexistrados na Administración pública galega no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016
- 6.3 2384 (10/PUP-000041)
Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o tratamento da información nos medios de comunicación no referido aos casos de violencia machista

- 6.4 1298 (10/POP-000143)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co nivel de execución que presentan no primeiro semestre de 2016 os investimentos previstos para Galicia nos orzamentos do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 6.5 2373 (10/PUP-000040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis
Sobre a actuación do Goberno galego diante das ameazas dos acuíferos e da destrución da singular paraxe que conforma o entorno do nacemento do río Miño, no chamado Pedregal de Irimia
- 6.6 1017 (10/POP-000090)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e 5 máis
Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio das obras nos tramos da liña de alta velocidade na provincia de Lugo paralizadas polo Ministerio de Fomento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 6.7 1851 (10/POP-000197)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis
Sobre o contido que vai ter o Programa Acude e Axuda do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016
- 6.8 2334 (10/PUP-000037)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do "Brexit" no sector pesqueiro galego
- 6.9 2356 (10/PUP-000038)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa regulación da actividade de extracción do percebe

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 20/12/2016 17:30:01

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Valeriano Martínez García	P
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P

Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Román Rodríguez González	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Jesús Vázquez Almuíña	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
María Ángeles Vázquez Mejuto	P
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 02 de decembro de 2016)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Mouriño Villar, Antonio	P			
28. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
29. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
30. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
31. Pazos Couñago, José Alberto	P			

32. Pérez Seco, José Manuel	S			
33. Pierres López, María Luisa	S			
34. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
35. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
36. Prado del Río, Paula	P			
37. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
38. Puy Fraga, Pedro	P			
39. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
40. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
41. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
42. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
43. Rodríguez Arias, Marta	P			
44. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
45. Rodríguez Estévez, David	EM			
46. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
47. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
48. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
49. Sánchez García, Antón	EM			
50. Santos Queiruga, Carmen	EM			
51. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
52. Toja Suárez, María Dolores	S			
53. Torrado Quintela, Julio	S			
54. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
55. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
56. Vázquez Verao, Paula	EM			
57. Vega Pérez, Daniel	P			
58. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
59. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

60. Quintana Carballo, Rosa María	P			
61. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P			
62. Rey Varela, José Manuel	P			
63. Vázquez Almuiña, Jesús	P			

64. Rodríguez González, Román	P			
65. Conde López, Francisco José	P			
66. Vázquez Mourelle, Ethel María	P			
67. Mato Otero, Beatriz	P			
68. Martínez García, Valeriano	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día


1. Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 1142(10/DMTC-000001)

Senado

Comunicación vacantes de maxistrados do Tribunal
Constitucional



Acordo da Mesa do Parlamento, do 20 de decembro de 2016, polo que se fixa o prazo para que os grupos parlamentarios poidan formalizar candidaturas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado

Conforme ao establecido na norma Primeira das Normas reguladoras do procedemento de designación de candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado, cada grupo parlamentario poderá propor un máximo de dous candidatos ou candidatas, que deberán reunir os requisitos de idoneidade establecidos no artigo 18 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario, dentro do prazo que fixe aquela.

Consecuentemente, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1.º) Abrir un prazo que remata ás 18:30 horas do luns 26 de decembro de 2016, para que cada grupo parlamentario poida propor un máximo de dous candidatos ou candidatas, que deberán reunir os requisitos de idoneidade establecidos no artigo 18 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

2.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2016

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1.º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 20/12/2016 12:56:50

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. de En Marea
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 2338(10/MOC-000005)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 791, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **791 (10/INT-000013)** debatida na sesión plenaria do 13 de decembro de 2016, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e loitar contra a precariedade laboral da mocidade.
2. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.
3. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover que na Negociación Colectiva de ámbito galego se considere obxectivo a acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2016.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 10:50
Nº Rexistro: 2338
Data envío: 16/12/2016 10:50:42.426



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 16/12/2016 10:45:31

Luis Villares Naveira na data 16/12/2016 10:48:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 2351(10/MOC-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 995, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 12:56
Nº Rexistro: 2351
Data envío: 16/12/2016 12:56:58.926



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 13 de decembro de 2016, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade (10/INT-000026, doc. núm. 995)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, na primeira metade de 2017, un plan de accións pedagóxicas integrais, que combatan a tolerancia social sobre o consumo de alcohol e que teñan incidencia tanto no eido familiar como educativo. Para esta labor, contarase co asesoramento de expertos do eido profesional e académico, e a participación de asociacións sociais e xuvenís.
2. Negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias a cesión das competencias autonómicas no ámbito local, para unha atención máis eficaz co problema, coa asignación dos recursos necesarios.
3. Realizar un informe anual da evolución i eficacia das medidas postas en marcha, e presentalo no Pleno do Parlamento de Galicia para a súa valoración.
4. Reformular a Lei 10/2011 de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, nos termos que se requiran para dar cabida ás medidas sinaladas previamente.

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 12:56
Nº Rexistro: 2351
Data envío: 16/12/2016 12:56:58.926



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/12/2016 12:56:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/12/2016 12:56:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 2352(10/MOC-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1314, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 12:57
Nº Rexistro: 2352
Data envío: 16/12/2016 12:57:17.707



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 13 de decembro de 2016, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética (10/INT-000045, doc. núm. 1315)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver nun prazo máximo de dous meses un “Plan integral que evite os cortes de subministro de enerxía eléctrica, gas e auga aos fogares que atravesan dificultades económicas”, habilitando liñas de axudas, coas dotacións orzamentarias suficientes, para un servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), e auga, que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia e de subministro doméstico de auga.

Este plan terá que integrar as dúas iniciativas parciais existentes ata o momento:

- a) O “Ticket eléctrico social”
- b) As axudas para evitar os cortes de enerxía. Esta nova liña de axudas desenvolverase no ámbito das políticas de benestar social, mais alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas administrativas que faciliten a súa solicitude a aqueles fogares afectados por este problema.

2. Negociar o establecemento dun programa coordinado contra a pobreza enerxética, coas dotacións orzamentarias necesarias por parte de quen ten as competencias en política social, entre o Goberno autonómico e os concellos. Este programa, desenvolvido e financiado coas empresas

subministradoras de enerxía eléctrica e gas e as concesionarias do subministro de auga:

a) Esixirá un informe preceptivo e vinculante dos concellos antes de realizar calquera corte de subministro de enerxía eléctrica, gas ou auga por parte destas empresas.

b) Si o anterior informe acredita o estado de necesidade, impedirase que se poda suspender o servizo de abastecemento de enerxía e auga a unha familia por razóns económicas, cando os recursos económicos do fogar non permitan cubrir o seu pago.

3. Establecerase un fondo para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da atención a este problema.

4. Demandar ao Goberno de España a que, despois de negociar coas comunidades autónomas e os concellos, presente de forma inmediata no Congreso dos Deputados para o seu debate e aprobación un “Proxecto de lei de protección integral dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética”.

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/12/2016 12:55:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/12/2016 12:55:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3. Proposicións non de lei ante o Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 788(10/PNP-000064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 12 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 10,
09.11.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:01
Nº Rexistro: 788
Data envío: 07/11/2016 11:01:02.095

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Nava Castro Domínguez, José Manuel Cores Touris, Teresa Egerique Mosquera, Ignacio López-Chaves Castro, Guadalupe Murillo Solis, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 98,160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo interese e a importancia que supón esta iniciativa para todas as veciñas e os veciños de Lugo ao demandar do Goberno do Estado unha profunda modernización das infraestruturas ferroviarias que lle permitan a todos os cidadáns da provincia contar con servizos ferroviarios competitivos e modernos, propios do século XXI, e beneficiarse dos servizos da alta velocidade cara a Meseta.

Exposición de motivos

É evidente que, nos últimos anos, o mapa ferroviario galego está a ser obxecto dun profundo proceso de renovación e de modernización de liñas e servizos que xa se ten traducido na prestación dun mellor servizo aos cidadáns, supoñendo unha importante mellora na mobilidade dos miles de galegos que cada día optan por este medio de transporte para realizar os seus desprazamentos cotiás.

O exemplo máis recente desta transformación ferroviaria atopámolo no Eixe Atlántico de Alta Velocidade, que está a funcionar con grande éxito e cunha extraordinaria acollida por parte dos cidadáns, ao ofrecer servizos competitivos e máis axustados ás necesidades dos usuarios.

Paralelamente, continúanse a dar os pasos necesarios para desenvolver e finalizar a conexión de Galicia coa Meseta en alta velocidade, onde todo o traxecto desde Ourense a Madrid, agás o acceso á cidade, está en obras ou en servizo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:01
Nº Rexistro: 788
Data envío: 07/11/2016 11:01:02.095

Ante estes avances parece claro e razoable, tal e como manifestou xa o presidente da Xunta, impulsar e garantir unha conexión ferroviaria de calidade para Lugo, que se converta, nesta lexislatura, nunha das principais prioridades do Executivo autonómico en relación coas infraestruturas do Estado en Galicia.

Trátase de que os cidadáns da provincia conten con liñas e servizos ferroviarios competitivos e modernos, garantindo unha conexión de Lugo con Ourense, a través de Monforte, que permita que os lugueses se poidan beneficiar das vantaxes da alta velocidade ferroviaria, vexan reducidos os tempos da viaxe e poidan chegar a Madrid no entorno das tres horas.

Neste camiño, xa está en estado moi avanzado de execución a Variante da Pobra de San Xiao, que xa permitirá aforros de tempo considerables. E debemos seguir avanzando na mellora da liña, para o que resulta necesario contar con proxectos adecuados que se poidan asumir por fases que, coa súa posta en servizo de xeito illado, xa vaian acurtando distancias entre Lugo e Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Traballar con determinación e insistir ante o Goberno do Estado na necesidade de acometer, no menor prazo de tempo posible, un proceso de modernización na liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte, que dote aos cidadáns da provincia de mellores prestacións e de servizos máis útiles, eficientes e competitivos, mellor adaptados ás súas necesidades.

Neste sentido, é necesario poñer en servizo á maior brevidade a variante da Pobra de San Xiao.

- 2.- Demandar ao Ministerio de Fomento unha priorización nos investimentos que garantan a modernización e faciliten a conexión de Lugo cos servizos de alta velocidade ferroviaria, co fin de garantir que os tempos de viaxe da conexión Lugo-Ourense-Madrid se sitúen no entorno das tres horas.
- 3.- Solicitar ao Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica que permita avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:01
Nº Rexistro: 788
Data envío: 07/11/2016 11:01:02.095

sucesivas para o desenvolvemento das actuacións e fixando as anualidades para que o proxecto sexa asumible en prazos e economicamente viable. Deste xeito, os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 xa deben recoller partidas suficientes para avanzar na redacción dos proxectos construtivos”.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2016 10:56:34

Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 10:56:43

Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 10:56:51

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 10:56:56

Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 10:57:03

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 10:57:13

María Nava Castro Domínguez na data 07/11/2016 10:57:22

José Manuel Cores Tourís na data 07/11/2016 10:57:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:01
Nº Rexistro: 788
Data envío: 07/11/2016 11:01:02.095

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2016 10:57:52

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/11/2016 10:58:02

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/11/2016 10:58:21

Marta Rodríguez Arias na data 07/11/2016 10:59:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 10:59:26

Raquel Arias Rodríguez na data 07/11/2016 10:59:34

José Manuel Balseiro Orol na data 07/11/2016 10:59:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 1345(10/PNP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 13:30
Nº Rexistro: 1345
 Data envío: 18/11/2016 13:30:51.656

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Confederación Intersindical Galega (CIG) a través da súa federación de ensino contabilizou as horas lectivas que se imparten en lingua galega nos distintos cursos da ESO daccordo coa aplicación da LOMCE e o Decreto 79/2010. No seu estudo conclúen que o alumnado recibe 13 horas menos de docencia en lingua galega que en castelán nas materias aplicadas e 10 horas menos nas académicas.

ESO	1º curso	2º	3º	4ª	
				Académicas	Aplicadas
Galego	X. e H. (3 h) B. e Q (4)	X. e H (3)	X. e H (3) X. e B. (2)	X e H (3) X e B (3)	X e H (3)
Total	7 horas	3 horas	5 horas	6 horas	3 horas
Español	Matemáticas (5)	Matemáticas (5) F. e Q. (3) Tecnoloxía (3)	Matemáticas (4) F. e Q. (2) Tecnoloxía (2)	Matemáticas (4) F. e Q. (3)	Matemáticas (4) F. e Q. (3)

Estes datos evidencian a situación de discriminación na que se atopa a lingua galega no ensino secundario como resultado da implementación de dúas normas (a LOMCE e o Decreto 79/2010) lesivas para a normalización de usos do galego.

Ademais, contravén a Lei de Normalización Lingüística (1983) que obriga a



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 13:30
Nº Rexistro: 1345
Data envío: 18/11/2016 13:30:51.656

administración pública a promover o coñecemento da lingua galega como primeiro chanzo para exercer o dereito a falala. Ao mesmo tempo que o Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza (2004), que sitúa no 50% a presenza do galego no ensino non universitario.

Por todo o exposto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- Derrogar o Decreto 79/2010 que impide impartir en lingua galega materias como Matemáticas, Física e Química ou Tecnoloxía.
- Garantir a mesma carga lectiva en galego e castelán mentres non se efectiviza a derogación do Decreto 79/2010.
- Aplicar de maneira efectiva a Lei de Normalización Lingüística (1983) e o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) no ensino.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 13:30
Nº Rexistro: 1345
Data envío: 18/11/2016 13:30:51.656

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2016 13:06:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2016 13:07:02

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2016 13:07:05

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2016 13:07:07

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2016 13:07:10

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2016 13:07:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 1595(10/PNP-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, a prol do cumprimento da lei de igualdade no eido do Ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 25 de novembro recordamos o día contra a violencia machista, unha violencia que ten as súas raíces na desigualdade entre homes e mulleres, e contra as cales as Administracións Públicas deben asumir a súa responsabilidade.

O principio de igualdade tradúcese no eido educativo como coeducación. Coeducar é educar ás persoas dende a igualdade de valores e a marxe de que sexan nenas ou nenos.

Na base da desigualdade atópase o androcentrismo que supón a división do mundo en dúas clases moi ben estruturadas: a masculina de dominio e a feminina de submisión.

Na base da igualdade está o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidade entre mulleres e homes. En Marea cremos que a coeducación transversal deba estar presente en todas as materias e etapas; que se deba recoñecer as contribucións das mulleres ás ciencias, á historia e ás artes. Que se deba prestar especial atención á formación en igualdade e contra as violencias machistas nos plans de formación do profesorado.



Que di ao respecto a Lei Galega de Igualdade?

En política educativa a Administración garantirá a integración activa do principio de igualdade evitando comportamentos sexistas e os estereotipos sociais asociados.

Título I cap I da Lei Galega de Igualdade.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crezas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa o indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos o de una imaxe de dominación de un sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Na anterior lexislatura, en marzo de 2013 O TSXG fixo valer os preceptos da vixente Lei Orgánica de Educación para invalidar o financiamento público de prazas en cinco colexios promovidos pola empresa Fomento de Centros de Enseñanza, ligada ao Opus Dei, e o restante, Aloya, pertence á conservadora Asociación Fontenova. Ambas entidades decidiron interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal Supremo contra a sentenza do TSXG, recurso que cinco meses despois lle serviu á Xunta como xustificación para non retirarlles os fondos públicos e publicou unha orde para seguir inxectando cartos nestes centros ata 2017.

A decisión, foi valorada por STEG: "evidencia a liña educativa deste Goberno, que non ten reparos en reducir centos de postos de traballo, investimentos en recursos, libros de texto ou facer pagar para poder comer nos comedores escolares no ensino público co argumento da crise, nin en adicar 3 millóns de euros de todas e todos, para subvencionar a unha empresa educativa contraria ao espírito da coeducación"



A xuízo do TSXG a retirada dos concertos **"respecta a liberdade de educación así como a libre elección de centro por parte dos pais"**, tamén "a liberdade de creación" deste tipo de colexios "por quen adopte un ideario que opte pola educación diferenciada por razón de sexo". Pero esa liberdade, vén dicir o tribunal, non pode estar por riba "dos principios e regras vixentes, que no caso analizado revisten carácter orgánico por partida dobre", tanto polos preceptos da LOE como polo estipulado na Lei de Igualdade do ano 2007.

O que para a Xustiza é incumprir a lei vixente para o Goberno galego non é máis que "educación diferenciada" e por iso seguiu a concertar aulas.

Os fondos públicos non deben subvencionar o ensino do alumnado ás familias que optan pola escolarización segregada.

A LOMCE (2012) ou "Lei de Wert" non ten ningunha consideración polas novas tendencias educativas nin as necesidades sociais.

Suprimíuse a Educación para a Cidadanía e substituíuse pola asignatura Educación Cívica e Constitucional, que en palabras do propio Wert, está libre «de cuestións controvertidas» e borrou do plan de estudos aspectos como a homosexualidade ou a visión crítica de xénero.

Necesítase formación especializada nos centros escolares para a prevención das violencias machistas, dirixida tanto ao profesorado como ao alumnado, desenvolvendo campañas de sensibilización dirixidas a activar á poboación fronte as violencias machistas, facendo especial fincapé na comunicación coa poboación máis moza.

A LOMCE propón iniciativas parciais, facendo depender a formación en igualdade dunha materia exclusivamente, desbotando calquera outra iniciativa



de carácter transversal. Igualmente é importante apoiar con formación e recursos á atención á diversidade afectivo-sexual, prevendo situacións de acoso ou marxinalidade.

A LOMCE permite aos centros que segregan polo sexo. A Conferencia Episcopal contribuíu ao desenvolvemento desta lei, participando activamente na súa redacción e conseguindo que a asignatura de Relixión contabilice dentro da nota media do alumnado.

A LOMCE é unha lei centralista e reduce as competencias das Comunidades Autónomas en materia de educación.

As escasas referencias da igualdade

1.- A educación de calidade como soporte da igualdade e a xustiza social.

Non é imaxinable un sistema educativo de calidade no que non sexa unha prioridade eliminar calquera indicio de desigualdade.

2. Un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

3. O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

4. En ningún caso a elección da educación diferenciada por sexos poderá implicar para as familias, alumnos e alumnas e centros correspondentes un trato menos favorable, nin unha desvantaxe, á hora de subscribir concertos coas Administracións educativas ou en calquera outro aspecto. A estes efectos, os centros deberán expoñer no seu proxecto educativo as razóns educativas



da elección do devandito sistema, así como as medidas académicas que desenvolven para favorecer a igualdade.»

5. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

6.- Competencia do consello escolar: Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

No currículo das diferentes etapas da Educación Básica terase en consideración a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos, que debe incluír en todo caso a prevención da violencia de xénero.

Por todo iso, e mentres que non se eliminen todos os concertos educativos de xeito que o diñeiro público se destine, exclusivamente a financiar escolas públicas, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Posto que os concertos se renovan cada catro anos, sendo 2017 o ano no que se renovarán, que non se financie con diñeiro público ningún centro que segregue ó alumnado por razón de sexo.
2. Cumprir a Lei Orgánica de Igualdade L.O. 3/2007 e DL galego 2/205 decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/11/2016 18:33:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/11/2016 18:33:20

Luis Villares Naveira na data 24/11/2016 18:33:27

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 1638(10/PNP-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1638
Data envío: 25/11/2016 14:24:58.958



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

E neste senso, a Xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno da Xunta de Galicia ten discriminado orzamentariamente ano tras ano.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004. Non obstante, e pese ao incremento dun 5,9 % de denuncias no primeiro semestre de 2016, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de Violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña. Nestes días soubemos que, segundo anuncio conxunto do vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda e do presidente do Tribunal Superior de Xustiza Galicia, teremos cinco novas prazas xudiciais no primeiro trimestre de 2017; ningunha para a loita contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:

1. Que se incremente o número de xulgados especializados en Violencia de Xénero en Galicia (nas principais cidades da Comunidade Autónoma), así como poñer en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento mais seguros no seu recorrido xudicial.
2. Que o Ministerio de Justicia acorde a creación de novos xulgados de Violencia contra a Muller para Galicia en 2017.
3. Que se leven a cabo, de maneira inmediata, as reformas necesarias nas dependencias xudiciais, habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores e, tamén de maneira inmediata, se dote de persoal necesario a estes xulgados.
4. Se incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia.

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/11/2016 14:18:52

María Luisa Pierres López na data 25/11/2016 14:18:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/11/2016 14:19:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/11/2016 14:19:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2016 14:19:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 1671(10/PNP-000153)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para loitar contra a violencia de xénero no medio rural

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados e deputadas **Paula Quinteiro Araujo, David Rodríguez Estévez, Marcos Cal Ogando e Paula Vázquez Verao**, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A violencia machista, no caso do medio rural, presentan características específicas que inciden en moitas ocasións nunha maior indefensión das mulleres que as sofren e, polo tanto, requiren tamén dunha atención específica para afrontar e saír destas situacións.

O illamento é unha delas. Coa dispersión que caracteriza a distribución da poboación polo territorio do rural no noso país, moitas mulleres viven en núcleos de poboación illados e con dificultade de acceso. O simple feito de vivir no rural, supón en moitos casos, carecer de servizos básicos dos que gozaría se vivise nun centro urbano.

En moitas ocasións, as mulleres vítimas de violencia machista, non teñen outros contacto durante días que o seu agresor ou o seu círculo familiar máis próximo. O illamento, no caso de violencia machista, supón un agravante e causa unha gran indefensión ás mulleres.

Ademais, a denuncia ou o asesoramento previo tómanse máis difíciles no caso de pequenos núcleos de poboación nun contorno no que a maioría das persoas se coñecen. Por iso resulta moi complexo para unha muller vítima de violencia machista achegarse a denunciar á Garda Civil porque pode darse o caso de que



sexan familiares ou veciños do propio agresor. Debido a esta situación resulta moito máis difícil dar o paso de denunciar ao seu agresor para unha muller do rural.

A política de recortes que está a practicar a Xunta de Galicia ten incidido no desmantelamento de moitos servizos público e, polo tanto, tamén da atención ás mulleres nas zonas rurais. En moitos casos non dispoñen no seu concello de ningún Centro de Información ás Mulleres ou non contan con asesoramento de ningún tipo para apoialas en situacións de violencia.

Ter de profesión a agricultura, ademais, supón afondar aínda máis na fenda da desigualdade laboral e de dereitos, o que ten as súas repercusións lóxicamente no agravamento da violencia. A dependencia económica das mulleres labregas xenera outra forma de violencia machista: a violencia económica.

As solucións deben vir dende a prevención a través do labor educativo ou de fornecer con medios suficientes ás autoridades para que protexan efectivamente as vítimas; até campañas de concienciación e sensibilización especialmente orientadas as mulleres rurais.

Dende En Marea esiximos á Xunta medidas, recursos e un serio compromiso coa situación das mulleres do mundo rural galego. A este fin presentamos esta Proposición non de lei para o se debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para:

1. Fornecedor cursos de formación sobre temas vinculados o empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres rurais.

2. Poñer os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencias machistas no medio rural e evitar situación de illamento.

3. Incrementar o número de Centros de Información á Muller, de xeito que poida acadarse o obxectivo de dispoñer dun como mínimo en cada concello de Galicia, para cubrir as necesidades de asesoramento e apoio das mulleres que sofren violencias machistas no rural .

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2016 10:41:22

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2016 10:41:33

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2016 10:41:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 10:43
Nº Rexistro: 1671
Data envío: 28/11/2016 10:43:19.430

Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 10:41:50

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 10:41:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 1688(10/PNP-000157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688
Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa cloreira ELNOSA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A empresa química Elnosa desenvolve a súa actividade de fabricación de cloro, considerada nociva e perigosa, en terreos de dominio marítimo terrestre situados na parroquia de Lourizán. A concesión foi outorgada o 15 de decembro de 1971 por 50 anos.

2. A secretaría xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galiza, por resolución do 17 de decembro de 2013, actualizou a autorización ambiental integrada a Elnosa para a planta produción de cloro alcalí e derivados en Lourizán. Nesta resolución fixébase o 31 do 12 de 2016 como data de inicio do cesamento da actividade, o 31 do 8 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de cloro líquido, e o 31 do 10 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de ácido clohídrico e hipoclorito sódico.



3. En setembro de 2016, a secretaría xeral de avaliación ambiental ampliou a autorización ambiental integrada ata decembro de 2017. O pasado 24 de novembro, a Xunta de Galiza mediante un comunicado de prensa, informaba das negociacións coa empresa ELNOSA para facilitar a súa permanencia en Pontevedra máis alá de 2017. Nestas negociacións ao máis alto nivel participaron en representación do goberno galego o vicepresidente Alfonso Rueda, a consellería de medio ambiente e ordenación do territorio Beatriz Mato, e o conselleiro de economía, emprego e industria Francisco Conde.

4. Segundo a información facilitada pola Xunta en nota de prensa, a empresa Elnosa prevé facer un importante investimento para fabricar cloro-alcalí no actual emprazamento, o cal implica a permanencia en Lourizán desta actividade calificada como nociva e perigosa máis alá de 2017.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar ao Goberno galego a

- Iniciar os trámites para o cesamento da actividade de ELNOSA en Lourizán.

- Desbotar a ampliación da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa na actualidade e informar negativamente ao respecto en caso de que se tramite.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688
Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

- Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado para iniciar o proceso de recuperación para uso público dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 12:22:25

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 12:22:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 12:22:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688

Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 12:22:40

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 12:22:42

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 12:22:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 1873(10/PNP-000180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH, ou sida

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:00
Nº Rexistro: 1873
Data envío: 01/12/2016 12:00:31.202

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos seus comezos, a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) xerou unha gran alarma na sociedade debido ao seu carácter transmisible e á falta de tratamento cando se iniciou a epidemia. Algúns colectivos, como as persoas usuarias de drogas inxectables e os homes que teñen sexo con homes (HSH), víronse dobremente discriminados, xa que ao estigma que xa sufrían veuse a engadir o rexeitamento por estaren afectados polo VIH.

Neses primeiros anos, difundir rapidamente os coñecementos que as investigacións ían achegando, tanto as básicas como as clínicas e as epidemiolóxicas, foi un aspecto esencial do traballo dos plans anti Vih/Sida, para combater a alarma e poñer o foco nos aspectos esenciais que permitisen frear esta pandemia. Así, a importante mobilización sanitaria e social que seguiu á aparición da sida permitiu mellorar a prevención, a diagnose e conseguir un tratamento altamente eficaz para frear a enfermidade 10 anos despois de iniciada a epidemia.

Na prevención do VIH en Galicia foi moi importante o traballo realizado na prevención do uso e a redución do dano por consumo de drogas. Os plans galegos de drogodependencias e da sida achegaron importantes melloras, sobre todo cos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:00
Nº Rexistro: 1873
Data envío: 01/12/2016 12:00:31.202

programas de inxección hixiénica de drogas e cos programas substitutivos de opiáceos.

Os cambios epidemiolóxicos detectados nos últimos anos na epidemia de VIH en Galicia, que a converte nunha infección basicamente de transmisión sexual (ITS), así como a elevación das taxas noutras infeccións deste tipo, fixeron necesario levar a cabo unha actualización do plan antisida, engadindo neste a loita contra as outras ITS, aproveitando as sinerxías que se producen na prevención de todas elas, e seguindo as orientacións dos plans europeos e o plan español.

Así, o pasado ano presentouse, por parte da Consellería de Sanidade, o “Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018”. Un dos obxectivos específicos do Plan é reducir o diagnóstico tardío de VIH. Un diagnóstico precoz resulta especialmente relevante para reducir a transmisión do virus entre a poboación, e tamén para mellorar o prognóstico dos casos. Por elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a iniciar a oferta rutineira da proba do VIH prevista no ‘Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018’ ás persoas entre 15 e 59 anos, sexualmente activas, que vaian proceder a unha extracción de sangue no seu centro de saúde, co obxectivo de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH”.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:00
Nº Rexistro: 1873**
Data envío: 01/12/2016 12:00:31.202

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/12/2016 11:58:51

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/12/2016 11:59:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/12/2016 11:59:09

Marta Rodríguez Arias na data 01/12/2016 11:59:16

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/12/2016 11:59:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/12/2016 11:59:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 2126(10/PNP-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia integral para os galegos retornados, para o período 2017-2020, coa participación das súas asociacións representativas e das comunidades galegas no exterior

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2016 12:19
Nº Rexistro: 2126
Data envío: 07/12/2016 12:19:21.584



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No pasado Debate de Investidura do 8 de novembro o presidente da Xunta de Galicia afirmou no seu discurso que unha das súas prioridades de goberno en materia de emigración sería facilitar o retorno dos que tiveron que emigrar a causa da crise económica nestes últimos anos. Sinalou logo que as actuacións para favorecer o retorno tamén se dirixirían aos descendentes dos emigrantes, a intentar atraer aos galegos de segunda e terceira xeración que están residindo nos países onde tradicionalmente emigraron os galegos. Consideraba no seu discurso o Sr. Núñez Feijóo que o fomento do retorno axudaría a reverter a caída demográfica que afecta, intensamente, a Galicia. A volta destes galegos da Arxentina, Uruguay, de Cuba ou Venezuela axudará tamén a revitalizar a nosa sociedade e a encher Galicia de sangue nova que nos impulse na década que vén, dixo euforicamente, o Sr. Feijóo.

Mais a realidade, o día a día, de moitos dos emigrantes galegos retornados é ben distinta, é palmariamente oposta ás grandilocuentes intencións do Sr. presidente. As distintas plataformas e asociacións que agrupan e defenden os dereitos, e anhelos, dos galegos emigrados que retoran ou que pretenden retornar, veñen expresando e manifestando publicamente a falta de apoio e sensibilidade suficiente para coas súas necesidades. Esta problemática loxicamente afecta máis a aqueles emigrantes que menos formación e recursos teñen, sendo a idade avanzada tamén un obstáculo para poder reaccionar ante os atrancos cos que se atopan. Situación que se ten necesariamente agravado no actual período de crise, non só económica se non tamén social, de dereitos.

Basta con mencionar toda unha serie de problemas que está a denunciar a emigración retornada para ser conscientes de que os dereitos e necesidades dos galegos que poden regresar a Galicia están atendidos de forma moi insuficiente. E si isto é así, non menos grave son as perspectivas dos que durante esta crise teñen saído a outros países en busca de mellores oportunidades. O escenario que

 Grupo Parlamentario

se lles ofrece por parte dos gobernos central e autonómico non permite precisamente pensar no retorno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- As persistentes campañas da Axencia Tributaria esixindo a regularización retroactiva no IRPF das pensións cobradas nos países nos que emigraron, sen dar cumprimento ademais a reiteradas sentenzas que observan posibles casos de dobre imposición en virtude de convenios bilaterais.

- Os recortes de dereitos de asistencia sanitaria provocados polo Real decreto 16/2012 que ten rachado co principio de universalidade do sistema.

- Os problemas de acceso a residencias no caso das persoas de maior idade necesitadas, ou a tramitación de axudas vinculadas á Lei de dependencia.

- A situación dos emigrantes galegos retornados de Venezuela que están sen percibir as pensións que lles corresponde daquel país en virtude do correspondente convenio bilateral e que fai que en moitos casos o INSS retire os complementos e mínimos (a pesar das sentenzas do Social que se están a ditar) ou se dificulte o acceso a servizos de emerxencia social.

- E un caso paradigmático desta falta real de sensibilidade coa emigración retornada ou, como insistimos, que quereda retornar; a inacción do Goberno para resolver con Noruega a devolución das taxas indebidamente cobradas á gran cantidade de mariñeiros galegos que se embarcaban en mercantes daquel país entre os anos 60 e 90.

Os emigrantes galegos, tanto os que retornan como os que permanecen nos seus países de acollida non son cidadáns galegos de segunda, nin fiscal, nin sanitaria, nin socialmente. Son suxeitos de deberes, pero tamén de plenos dereitos. As políticas dirixidas á nosa emigración deben, ademais de enfocarse coa necesaria sensibilidade, estar coordinadas para que o feito de emigrar, xa de por si unha carga, non supoña un menoscabo dos seus dereitos cidadáns.

Se ademais pretendemos que retornen os mozos que nestes anos de crise teñen conformado unha nova vaga de emigración, as políticas que se desenvolvan teñen non só que garantir unha equiparación de dereitos, senón ofertar verdadeiras

 Grupo Parlamentario

oportunidades de emprego, vivenda e sanidade, en definitiva, un elenco de dereitos que facilite a volta a quen queira regresar á súa terra.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que elabore unha estratexia integral 2017-2020 para os galegos e galegas retornados, coa plena participación das asociacións que os representan e das comunidades galegas no exterior, sendo un eixe principal desta estratexia as políticas que promovan o retorno de mozos e mozas.

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/12/2016 12:05:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2016 12:05:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/12/2016 12:05:47

Noela Blanco Rodríguez na data 07/12/2016 12:05:52

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2016 12:06:00

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2016 12:06:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/12/2016 12:06:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 1044(10/INT-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución
da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A chegada da liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia resulta ser de importancia capital para os intereses do noso país.

Coa liña do AVE plenamente operativa gañaremos en competitividade en todos os niveis: social, empresarial, produtiva, económica, ...

Gañaremos no ámbito material, máis tamén gañaremos no ámbito de equilibrio territorial e, sobre todo, no recoñecemento de Galicia como terra de oportunidades.

Non resulta, polo tanto, estraño que o conxunto da sociedade galega anhele e desexe que esta hipótese sexa unha realidade.

A situación actual de aproveitamento parcial do AVE é cualificado pola sociedade galega como un agravio a unha afrenta histórica con Galicia.

Todos/as preocupados/as, excepto o presidente do Goberno galego.

O Sr. Feijoo acomoda as súas esixencias ao Goberno de España en función da cor política do Goberno de España.

Máxima esixencia cando gobernaron os socialistas, e máxima permisividade cando gobernan os populares.

A situación actual das obras do AVE, entre Lubián e Ourense, non invitan ao optimismo.

Neste tramo so hai incumprimento orzamentario e parálise de actuacións polo Goberno do Sr. Rjoy.

A marchas das obras é preocupante e parece rachar, unha vez máis, o compromiso do presidente da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Por iso nos preocupan as últimas manifestacións do presidente da Xunta de Galicia facendo táboa rasa sobre algunhas condicións que garanten que o acceso do AVE a Galicia poda denominarse como tal.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego das obras do AVE a Galicia na perspectiva temporal de 2018?
2. Mantén o Goberno galego o compromiso de entrada en servizo do AVE en 2018?
3. Vai a renunciar o Goberno galego a algunha das condicións inherentes ao AVE como tal?
4. Vai a permitir o Goberno galego un AVE de segunda en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 11/11/2016 12:59:34

Noela Blanco Rodríguez na data 11/11/2016 12:59:41

María Luisa Pierres López na data 11/11/2016 12:59:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 1876(10/INT-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia
de xénero en persoas menores de idade

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de ampliar aos menores o programa Abrámolo Círculo de prevención da violencia de xénero.

A violencia de xénero é unha pandemia mundial que lle rouba a vida a miles de mulleres e de nenas cada ano en todo o planeta. Segundo os datos da ONU, un 70% das mulleres sofre algún tipo de violencia a man dos homes ao longo da súa vida, 25 millóns de mulleres só en Europa sufriron violencia física o ano pasado. O maltrato das mulleres é un dos exemplos de violación de dereitos humanos máis común e, -segundo a gravidade e o lugar no que se produza-, máis tolerado socialmente. Os casos de violencia contra as mulleres danse sen excepción en todas as sociedades, en todas as clases sociais, en todos os ámbitos e en todas as idades.

Os datos sobre a persistencia e incidencia da violencia contras as mulleres e realmente grave. O *Informe anual de violencia de xénero* deixa algunhas conclusións moi preocupante:

- As vítimas de violencia de xénero menores de 18 incrementouse nun 15%.

- O 25% das mozas entre 16 e 19 anos considera “normal” que a súa parella controle as súas relacións persoais.

- Un de cada tres mozos de entre 12 e 24 anos consideran que as vítimas son as responsables das agresións machistas.

Estes datos poñen o acento na necesidade de intensificar as accións destinadas a evitar a violencia, e moi concretamente, a coidar as actuacións que se fan no ámbito das e dos menores. Urxe incrementar as actuacións de sensibilización e formación para prever a violencia de xénero e ampliar a cobertura de programas aos menores.

Entre as actuacións que financia a Xunta de Galiza está “Abramos o Círculo”, un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Porén este programa non está aberto a menores o cal constitúe unha carencia que debe ser solucionada. As actuacións preventivas educativas son clave. Este programa ten entre os seus obxectivos aprender a resolver conflitos sen violencia, comprender a natureza da violencia ou relacionarse coas mulleres con respecto e igualdade.

Se temos en conta a incidencia tamén nos menores de violencia de xénero parece acaído que este tipo de programas podan atender tamén a menores de idade e incidir para corrixir este tipo de condutas violentas.

Polo dito formúlase a seguinte Interpelación:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:22
Nº Rexistro: 1876
Data envío: 01/12/2016 12:22:15.741

-Como valora a Xunta de Galiza a incidencia da violencia de xénero en menores?

-Que actuacións ten previsto levar adiante ante este grave problema?

-Prevé a Xunta de Galiza ampliar ao programa Abramos o Círculo a menores ou crear algún programa específico que vaia nesta dirección?

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2016 12:21:22

Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2016 12:21:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/12/2016 12:21:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:22
Nº Rexistro: 1876

Data envío: 01/12/2016 12:22:15.741

María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2016 12:21:39

Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2016 12:21:42

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2016 12:21:48

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 2077(10/INT-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a situación asistencial da sanidade

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Interpelación relativa á situación asistencial no CHUOU.**

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense padece dende fai anos deficiencias na xestión sanitaria e carencias en recursos humanos e materiais que teñen cronificado a saturación do servizo de Urxencias.

Recentemente, debido ao caso omiso que a Xerencia ten feito ata o de agora sobre as advertencias do persoal sanitario a cerca de dita saturación, o propio persoal ten acudido á Fiscalía para denunciar unha situación que non só choca cos dereitos de traballadores e traballadoras se non que afecta directamente á calidade asistencial e, polo tanto, á saúde das e dos doentes e ao seu dereito á intimidade.

Resulta habitual que pacientes ingresados do servizo de cardioloxía con necesidades de telemetría permanezan ingresados e ingresadas no servizo de Urxencias pola ausencia de camas dotadas do equipo necesario. Este feito é moi pouco eficiente, porque impide que pacientes en situación de observación ou de urxencia poidan ser atendidos e atendidas nesas camas de Urxencias, á vez que xera un aumento de carga de traballo no servizo, que non soe ser suplido cun incremento de persoal. E paralelamente, supón que estas persoas con necesidades de telemetría teñan que estar en dependencias abertas, sen baño.



Por outra banda, continúan existindo camas inexplicablemente pechadas ao que se lle suma un retraso na apertura da obra de ampliación. Obras que deixan a incógnita de cantas camas se gañan e cantas se perderán na parte antiga do centro, sen un aparente plan claro de que facer con estas dependencias. Cuns servizos nos que ata seis pacientes deben compartir un só baño.

Todas estas circunstancias culminan nunha situación inadmisíble de empeoramento das condicións nas que se presta a atención sanitaria, que chega a extremos moi graves e que pon de manifesto a incapacidade para resolvela por parte da xerencia.

Por todos estes feitos, **En Marea** interpela para coñecer:

- 1.- O motivo polo que existen camas que permanecen pechadas.
- 2.- O motivo de non ter dotado de telemetría un número suficiente de camas no servizo de CardioloXía que permita ingresar no mesmo ás persoas doentes que a precisen, evitando mantelas ingresadas no servizo de Urxencias.
- 3.- A causa de non ter dotado de máis persoal o servizo de urxencias, incluída as zonas de observación, incrementándoo nos días de maior afluencia ou aqueles nos que permanecesen ingresados doentes no servizo sen posibilidade de traslado.
- 4.- O número de camas na ampliación e o número que vai quedar na parte antiga.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 11:36
Nº Rexistro: 2077
Data envío: 05/12/2016 11:36:08.592



5.- Os datos de reingreso após 24, 48 e 72 horas da alta en urxencias.

Compostela, 02 de decembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo. Davide Rodríguez Estévez

GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2016 11:22:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2016 11:23:42

David Rodríguez Estévez na data 05/12/2016 11:23:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 2371(10/POPX-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a previsión de novas medidas para combater a regresión
demográfica de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2371
Data envío: 19/12/2016 14:26:53.422



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, ten algunha previsión de novas medidas para combater a regresión demográfica de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2016

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/12/2016 14:20:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 2372(10/POPX-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a súa posición respecto da defensa dun concerto económico para Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2372
Data envío: 19/12/2016 16:30:51.188

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Señor Presidente, que razóns o levan a defender o concerto económico para Cataluña e ao mesmo tempo renunciar á defensa do concerto económico para Galiza?”

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/12/2016 16:30:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 2380(10/POPX-000009)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas que pensa implementar o Goberno galego ante o drama social da violencia e os asasinatos machistas

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que medidas pensa implementar o goberno, ante o drama social da violencia e os asasinatos machistas?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/12/2016 18:09:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 1209(10/POP-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non elixir o réxime de concorrencia competitiva para a convocatoria, a través da Orde do 14 de xuño de 2016 e dentro do Plan específico extraordinario de investimentos, de subvencións destinadas á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento


Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No DOG do 27 de xuño de 2016 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.

A dita orde de subvencións dotada de dous millóns de euros estaba dirixida aos concellos de menos de 10.000 habitantes e para investimentos de mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais:

- Obras de saneamento e abastecemento de auga
- Pavimentación de vías públicas municipais
- Reformas de edificios e instalacións municipais
- Dotación de equipamentos relacionados con calquera das liñas anteriores

Polo que se trata de axudas importantes para que os nosos concellos poidan acadar unha serie de servizos municipais que facilitan a vida da nosa cidadanía.

O curioso é que o Goberno galego fai esta convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, amparándose na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axuda poderán executar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas ... Establecendo unha importante desigualdade de oportunidades entre os concellos potencialmente beneficiarios, acadando a axuda o que chega antes ou ten antes a información.

 Grupo Parlamentario

O 18 de xullo de 2016 o crédito inicial esgotouse, segundo a Resolución do 28 de xullo de 2016, e o 16 de agosto de 2016 publícase a Orde do 9 de agosto pola que se amplía o crédito existente en 455.000,69 €.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cal foi o motivo polo que non se convocou esta subvención en réxime de concorrência competitiva, para que todos os concellos que cumprían cos requisitos tivesen as mesmas oportunidades?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/11/2016 17:24:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/11/2016 17:24:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/11/2016 17:24:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 1735(10/POP-000182)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre o índice de denuncias e de casos de violencia de xénero rexistrados na Administración pública galega no ano 2016

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate en Pleno.

A igualdade de xénero non debe reducirse á loita contra a violencia machista, non obstante, as violencias machistas constitúen a expresión máis extrema das desigualdades entre mulleres e homes.

Dende o ano 2003 foron asasinadas no Estado español 822 mulleres a mans das súas parellas ou exparellas; máis de cinco mulleres ao mes durante trece anos. Dende 2013, ademais, cóntanse como vítimas os fillos e fillas de mulleres maltratadas mortos a mans do maltratador: 13 criaturas en algo menos de tres anos: 834 vítimas mortais en pouco máis dunha década. As cifras dan conta dun feminicidio ante o cal o Estado e a sociedade en xeral permanecen case indiferentes. Galicia, sen ir máis lonxe, con sete mulleres asasinadas en 2015, sitúase como a terceira Comunidade Autónoma con máis vítimas mortais nun ano.

Os datos oficiais da Xunta, sobre as cuestións de violencia machista, son os publicados na web institucional da Secretaría Xeral da Igualdade, na cal se manifesta, segundo o Programa Estatístico Anual de la Comunidade Autónoma de Galicia para o 2016, aprobado por Decreto 185/2015, do 23 de decembro, que



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 18:27
Nº Rexistro: 1735
Data envío: 28/11/2016 18:27:16.862



se establecerá, como unha das operacións estatísticas a realizar por la Secretaría Xeral de Igualdade a estatística de violencia de xénero e na que se recollen os datos correspondentes a os expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016.

Partindo, de que este tipo de violencia sobre a muller non só se subscribe unicamente ao ámbito privado ou familiar, se non que son múltiples os espazos onde dita violencia se manifesta. E sendo coñecedores de que nas Administracións Públicas existen múltiples casos de violencia machista, da cal non temos datos claros ante a súa invisibilización, é polo que formulamos a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que índice de denuncias e de casos se deron na Administración galega, dos cales teña constancia o Goberno, no que levamos de ano 2016?

Santiago de Compostela, a 28 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/11/2016 18:01:46

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 18:01:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 2384(10/PUP-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o tratamento da información nos medios de comunicación
no referido aos casos de violencia machista

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao tratamento nos medios de comunicación das violencias machistas.

Xustificación da Urxencia.

Debido á situación de emerxencia social no referido ás violencias machistas en xeral, e ós feminicidios en particular, tralo tratamento que os medios de comunicación deron dos dous últimos casos de asasinatos machistas acontecidos en Galicia, debemos poñernos a traballar canto antes nas accións precisas para que non se contribúa neste eido á perpetuación dos roles e estereotipos que contribúen a normalizar unha situación que é, compartido por todas, un dos problemas máis graves ós que nos enfrontamos na nosa sociedade.

Na actualidade, moitas das cuestións que son consideradas "normais" son, en realidade, a representación destes roles e estereotipos machistas.

O tratamento informativo destes dous asasinatos os pasados días volveu deixar en evidencia que en moitas ocasións, falta perspectiva de xénero e sensibilidade sobre temas de igualdade nas direccións dos medios e en numerosas ocasións nos atopamos que as noticias sobre asasinatos machistas son tratadas coma noticias-suceso, banalizando os feitos ou incluso dando pé a culpabilizar ás vítimas e comprender aos agresores. En moitos casos as informacións son compracentes cos "supostos" asasinados. Así, soe falarse de



mulleres que morren "presuntamente" a mans da súa parella e non de mulleres asasinadas.

Os medios de comunicación deberían dispor de códigos autorregulatorios, de acordo cos principios da ética xornalística, aprobados pola maioría das plantillas e de obrigado cumprimento para as redaccións.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno**:

. Como valora a Xunta de Galicia o tratamento dado polos medios de comunicación ós dous últimos asasinatos machistas ocorridos en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/12/2016 18:23:38

Paula Quinteiro Araújo na data 19/12/2016 18:23:49

Marcos Cal Ogando na data 19/12/2016 18:23:56

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 1298(10/POP-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co nivel de
execución que presentan no primeiro semestre de 2016 os
investimentos previstos para Galicia nos orzamentos do Estado

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 17:15
Nº Rexistro: 1298
Data envío: 17/11/2016 17:15:27.191

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo se desprende dos informes da Intervención Xeral do Estado, no período correspondente ao primeiro semestre de 2016 os datos de execución das partidas orzamentarias destinadas a Galiza están en mínimos históricos, situándose no 16,6% do total orzamentado.

As maiores partidas de investimento corresponden a empresas públicas, que xestionan 1.096, 4 millóns de euros, dos cales a 30 de xuño o porcentaxe de execución era do 16 % (175,1 millóns). No caso de ADIF, que xestiona a construción de infraestruturas ferroviarias, a previsión de investimento para 2016 é de 802,4 millóns de euros, e a 30 de xuño a porcentaxe de execución era do 13,4 %.

Estes datos poñen de manifesto a parálise da administración do Estado e teñen como consecuencia a ralentización e adiamento de infraestruturas vitais para Galiza como a conexión ferroviaria de alta velocidade coa Meseta, que xa sofre un atraso de varios anos sobre o calendario inicalmente previsto.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para a resposta oral en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 17:15
Nº Rexistro: 1298
Data envío: 17/11/2016 17:15:27.191

Como valora o goberno da Xunta o nivel de execución dos orzamentos do Estado no primeiro semestre de 2016 no que atinxe a investimentos previstos en Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2016 17:08:08

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2016 17:08:14

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2016 17:08:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/11/2016 17:08:24

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2016 17:08:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 17:15
Nº Rexistro: 1298

Data envío: 17/11/2016 17:15:27.191

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2016 17:08:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 2373(10/PUP-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre a actuación do Goberno galego diante das ameazas dos
acuíferos e da destrución do singular lugar que conforma o
contorno do nacemento do río Miño, no chamado Pedregal de
Irimia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 2373
Data envío: 19/12/2016 16:45:15.381

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á actuación do Goberno galego diante das ameazas dos acuíferos e da destrución da singular paraxe que conforma o entorno do nacemento do río Miño, no chamado Pedregal de Irimia.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social creada no entorno do nacemento do río Miño no chamado Pedregal de Irimia, polas plantacións de eucaliptos que ameazan os acuíferos e a normal paisaxe, e destruindo o valor desta singular paraxe de interese xeolóxico, cultural e simbólico.

O Pedregal de Irimia é unha paraxe situada no municipio de Meira. Nas estribacións da serra do mesmo nome hai un berce natural onde se recollen e corren subteraneamente as primeiras augas que dan orixe ó principal río de Galicia: o Miño.

Trátase dun lugar de beleza singular e dun interese xeográfico e cultural de primeiro orde, sendo así mesmo un símbolo para o País galego e as súas xentes.

Nos últimos tempos, falamos de decenios, este paraxe era un monte pelado nos seus arredores, con acceso para coches e un xeito de área recreativa que lle dá valor natural.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 2373
Data envío: 19/12/2016 16:45:15.381

Nestes últimos cinco ou seis anos efectuáronse plantacións de eucaliptos que ameazan os acuíferos e a normal paisaxe destruindo o seu valor anteriormente expresado.

Dito isto, para o Bloque Nacionalista Galego é necesaria e urxente unha actuación por parte do Goberno galego no sentido de adoptar medidas que dean protección medioambiental e paisaxística ó acuífero e ó seu entorno que conforma o nacemento do río Miño no chamado Pedregal de Irimia, preservándoo das agresións incipientes e futuras.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Vista a alarma creada nesta singular paraxe de interese xeolóxico, cultural e simbólico, ten previsto o Goberno galego adoptar medidas que dean protección medioambiental e paisaxística ó acuífero e ó entorno que conforma o nacemento do río Miño no chamado Pedregal de Irimia, preservándoo das agresións incipientes e futuras?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 2373

Data envío: 19/12/2016 16:45:15.381

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/12/2016 16:44:48

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 1017(10/POP-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio das obras nos tramos da liña de alta velocidade na provincia de Lugo paralizadas polo Ministerio de Fomento

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 17:49
Nº Rexistro: 1017
Data envío: 10/11/2016 17:49:44.641



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Todas as actuacións levadas a cabo polo Goberno de España nos últimos catro anos en relación coa conexión da liña de Alta Velocidade Ferroviaria con Lugo destináronse, invariablemente, a paralizar ou suspender as actuacións previstas para alcanzar a conexión á Alta Velocidade na provincia conxuntamente cos prazos previstos para a Comunidade Autónoma.

Ese proxecto, loxicamente, contempla o desenvolvemento da infraestrutura ferroviaria e a posta en marcha da mesma, pero tamén outra serie de actuacións complementarias necesarias para que a conexión en prazo sexa posible.

Tanto este proxecto posto en marcha en agosto do ano 2010 nun convenio asinado polo Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, que impulsa a incorporación de Lugo á Rede Ferroviaria de Alta Velocidade e constitúe segundo o Ministerio unha iniciativa estratéxica para o desenvolvemento territorial e económico da nosa provincia e de Galicia, como o resto das actuacións e proxectos en desenvolvemento ou planificación, necesarios para a incorporación de Lugo á Alta Velocidade, foron suspendidos polo Goberno de España presidido por D. Mariano Rajoy, sendo ministra de Fomento, Dona Ana Pastor. Deixando a Lugo de facto fóra do mapa de Alta Velocidade Española.

Por todo ilo, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno si se van a retomar as obras nos tramos de Alta Velocidade na provincia de Lugo paralizadas pola decisión do Ministerio de Fomento?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 10/11/2016 17:45:34

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 17:45:40

María Luisa Pierres López na data 10/11/2016 17:45:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/11/2016 17:45:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/11/2016 17:45:55

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/11/2016 17:46:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 1851(10/POP-000197)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre o contido que vai ter o Programa Acude e Axuda do
Sergas

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1851
Data envío: 30/11/2016 14:06:12.121

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 061 atende cada ano en Galicia arredor de 780 incidentes por morte súbita ocorridos fóra do hospital. Nestes casos, a probabilidade de supervivencia en persoas que foron reanimadas con masaxe cardíaca se duplica fronte a aqueles aos que non se lles aplicaron técnicas de reanimación cardiopulmonar.

Recentemente, temos coñecido polos medios de comunicación da posta en marcha en Santiago de Compostela do proxecto piloto do Programa Acude e Axuda do Servizo Galego de Saúde, a través da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia- 061. Ata o de agora, a aparición dunha persoa con formación en reanimación cardiopulmonar no lugar do evento antes da chegada dos medios sanitarios era unicamente fortuíta.

Considerando que nunha parada cardiorrespiratoria a actuación precoz e con medios axeitados condiciona o pronóstico en canto á recuperación da vida e a minimización das posibles secuelas, e que este programa ten unha gran potencialidade para reducir os tempos para o inicio das manobras de Reanimación Cardiopulmonar, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que consistirá o anunciado Programa Acude e Axuda?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1851
Data envío: 30/11/2016 14:06:12.121

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2016 14:04:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/11/2016 14:04:26

Marta Rodríguez Arias na data 30/11/2016 14:04:32

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/11/2016 14:04:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 14:04:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 2334(10/PUP-000037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do "Brexit" no sector pesqueiro galego



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2334
Data envío: 15/12/2016 18:31:54.582

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno Galego, explique canto antes en Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

O 23 de xuño de 2016 os cidadáns do Reino Unido votaron en referendo a favor de abandonar o Unión Europea de tal xeito que, previsiblemente, porase en marcha o mecanismo previsto no artigo 50 do Tratado de Lisboa, que fixa dous anos para negociar as condicións de saída dun dos Estados membros.

Nunca antes tiñase producido un abandono desta unión política e económica de 28 países que, desde os seus inicios, non fixo máis que expandirse, coa excepción do acontecido con Groelandia, un territorio de 56.000 persoas, que deixou de formar parte da Comunidade Económica Europea, antecesora da UE en 1985.

Entre as múltiples consecuencias deste paso están os efectos que unha decisión destas características pode ter no sector pesqueiro europeo e, en particular no galego, a flota de Gran Sol aínda que maioritariamente faena en augas irlandesas ou internacionais, tamén no fai na zona territorial do Reino Unido.

En relación, con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da Incidencia que o Brexit pode ter no sector pesqueiro galego?

Santiago de Compostela a 15 decembro 2.016.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2334
Data envío: 15/12/2016 18:31:54.582



Carlos Enrique López Crespo na data 15/12/2016 18:28:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/12/2016 18:29:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/12/2016 18:29:17

Marta Rodríguez Arias na data 15/12/2016 18:29:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 27.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 2356(10/PUP-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa
regulación da actividade de extracción do percebe

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola paralización da actividade que están a sufrir algúns percebeiros e percebeiras por mor da inseguridade sobre posibles sancións e advertencias, o que afecta aos seus ingresos actualmente e, de maneira especial, pola influencia destacada do período de Nadal inminente.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pe. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos (DOG, xoves 21 de xaneiro de 2016).

Existe inquietude nos colectivos de percebeiros e percebeiras sobre a interpretación desta regulación acerca da súa actividade. Estanse a dar casos que impiden, de maneira aparentemente discrecional, o exercicio da actividade a moitos traballadores e traballadoras da extracción do percebe, tanto dos que o fan a pe como a flote. Nalgúns dos casos estanse a recibir advertencias escritas, que indican incumprimento da propia orde antes citada, sen explicitar en qué cuestión, punto ou apartado.

Existen algúns casos específicos onde estas situacións afectan a grandes conxuntos de percebeiros e percebeiras, que se atopan nunha situación de inseguridade polas circunstancias, sen coñecer con exactitude o que ocorre e todo dentro dunha época de especial relevancia para o sector como o mes de decembro e semanas previas ao Nadal. Un caso exemplar desta situación é o ocorrido na Confraría de Pescadores A Anunciada de Baiona, onde a maioría do colectivo está sendo impedido de saír a traballar.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que valoración fai a Xunta de Galicia de que se estea impedindo exercer a actividade de extracción a algúns percebeiros/as durante estas últimas semanas sen fundamentar unha base regulamentaria para elo?

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/12/2016 13:36:06

María Dolores Toja Suárez na data 16/12/2016 13:36:11